

## **II TORNEO INTERNACIONAL DE FUTBOL SALA DONA URRACA**

### **Normativa e réxime disciplinario polo que se rexerá a competición:**

A organización do II Torneo Internacional de fútbol sala DONA URRACA redacta as seguintes normas internas do torneo que se celebrará na pista de sintético do parque A Canuda dende o luns 14 de Xuño o 23 de Xullo do 2010, para que coa colaboración de tódolos participantes se leve a cabo unha competición limpa e con un comportamento cívico adecuado se consiga o bo desenrolo da mesma:

#### **1 – A NORMATIVA DE XOGO:**

A normativa de xogo, pola que se rexerá a competición, será a aplicada actualmente nas competicións da Federación Galega de Fútbol Sala.

#### **2 – O TERREO DE XOGO:**

O campo de xogo será a pista de herba sintética situada nas inmediacións do parque A Canuda, en Salvaterra de Miño. En caso de inclemencias meteorolóxicas a organización reservase o dereito de aprazar ou trasladar a competición puntualmente a un terreo de xogo dispoñible para tal fin.

\* recomendase a utilización de zapatillas deportivas multitaco

#### **3 – O BALÓN:**

O balón co que se xogará a totalidade do torneo será de talla 62, aportado pola organización

#### **4 – OS EQUIPOS:**

Os equipos participantes estarán compostos por un máximo de 12 xogadores e un mínimo de 5. Todos os xogadores deben de identificarse antes de comezar a súa participación no torneo e se fose requirido pola organización, inclusive antes do comezo de cada partido. A identificación será mediante DNI, pasaporte, carné de conducir, ... O número máximo de xogadores inscritos será de 12, todos eles deben de estar incluídos na ficha que o equipo lle entregará a organización, antes do remate do ultimo partido correspondente a primeira ronda. Todo xogador que inda estando incluído na lista oficial do equipo, non disputase ningún partido, poderá ser reemprazado por outro xogador, sen que con isto se supoña o superación do numero máximo de xogadores inscritos por equipo.

Tras finalizar a primeira ronda, ningún equipo poderá incluír a mais xogadores. A identificación por parte da organización na incurrancia desta norma, suporá a perda do partido polo equipo infractor por un resultado adverso de 3 – 0.

Os equipos deben presentar a documentación dos xogadores que participarán no encontro, como mínimo con 5 minutos de antelación o inicio do mesmo. O mínimo de compoñentes dun equipo será de 4, para iniciar o encontro. O tempo máximo de espera para o inicio dun encontro será de 5 minutos, tras os cales, o equipo que non dispoña do mínimo de xogadores esixido, daráselle o encontro por perdido con un resultado adverso de 3 – 0. O mesmo tempo a incomparecencia dun equipo significará a perda do partido por un resultado en contra de 3 – 0. Todos equipos sancionados con perda de partido, se esta se producise nunca eliminatoria directa, significará a eliminación do equipo do torneo.

## 5 – OS ENCONTROS:

Os encontros da primeira ronda, serán dun total de 40 minutos, divididos en dous tempos de 20 minutos cada un e interrompidos entre si por un descanso de 5 minutos. Cada un dos equipos disporá de un tempo morto por cada parte do encontro. Para esta fase non se concederá ningunha prorroga, nin tanda de penaltis, inda que o remate dos 40 minutos o resultado reflexase un resultado de empate entre ámbolos equipos.

Os encontros de cuartos de final serán dunha duración de 40 minutos, divididos en dúas partes de 20 minutos cada unha, con un descanso de 5 minutos e cada un dos equipos disporá de un tempo morto en cada parte do encontro. Se o remate dos 40 minutos o resultado reflexase un resultado de empate, o encontro resolverase, mediante o lanzamento de 3 penaltis alternados, coa obriga de ser lanzados polos xogadores que nese intre se encontren no terreo de xogo. Unha vez finalizado o lanzamento dos tres penaltis, e se o resultado continua igualado, resolverase mediante o lanzamento de tantos penaltis como sexan necesarios ata que o desempate final, podendo neste momento lanzar estas penas calquera un dos xogadores do equipo, sen que se poida repetir lanzador, ata que todos os xogadores lanzasen o seu penalti correspondente.

Os encontros de semifinais e de final serán dunha duración de 50 minutos, divididos en dúas partes de 25 minutos cada unha, con un descanso de 5 minutos e cada un dos equipos disporá de un tempo morto en cada parte do encontro. Se o remate dos 50 minutos o resultado reflexase un resultado de empate, o encontro resolverase, mediante o lanzamento de 3 penaltis alternados, coa obriga de ser lanzados polos xogadores que nese intre se encontren no terreo de xogo. Unha vez finalizado o lanzamento dos tres penaltis, e se o resultado continua igualado, resolverase mediante o lanzamento de tantos penaltis como sexan necesarios ata que o desempate final, podendo neste momento lanzar estas penas calquera un dos xogadores do equipo, sen que se poida repetir lanzador, ata que todos os xogadores lanzasen o seu penalti correspondente.

A retirada dun equipo do encontro, suporá a perda do partido por un resultado de 3 – 0. Se esta retirada se producise nunha fase de eliminatoria directa, significará tamén a eliminación do torneo. Ademais, se un equipo durante un encontro, quedase con menos de 4 xogadores en pista, o partido darase por rematado e o equipo será sancionado coa perda do encontro polo resultado de 3 – 0, o que suporía a súa eliminación se esta circunstancia se producise nunha ronda eliminatoria, o mesmo tempo que conlevará unha asignación de 50 puntos para o trofeo a deportividade.

## 6 – TROFEO DEPORTIVIDADE:

A organización do torneo, concederá a trofeo a deportividade baseada, según os seguintes criterios:

- Falta	1 punto
- Cartón amarelo	5 puntos
- Falta de puntualidade para o inicio dun encontro	10 puntos
- Cartón vermello	25 puntos
- Inicio ou transcurso dun partido con menos de 5 xogadores	50 puntos
- Retirada dun equipo durante un encontro	50 puntos

Concederás o trofeo a deportividade o equipo que teña menos puntos tras o remate da primeira ronda. En caso de empate recibirá o trofeo o equipo que alcance chegar mais lonxe no torneo.

## 7 - SANCIONES:

Os árbitros son os encargados de levar os tempos do encontro, sinalar as infraccións e interpretar o regulamento polo que se rexe o torneo, polo tanto a “mesa” non ten funcións de arbitraje.

A organización penalizará os xogadores, adestradores e/ou delegados dos equipos, según o seu criterio e según a seguinte relación de infraccións:

Tarxeta amarela.- amoestación que non acarreará ningún partido de suspensión.

Tarxeta amarela dobre ou vermella.- amoestación que acarreará directamente a suspensión do xogador para o resto do partido que se está disputando, e o mesmo tempo unha sanción que suspende o xogador para a disputa no seguinte encontro.

A organización reservase o dereito de interpretación das actas redactadas polo arbitro, coas que poderá suspender a un xogador ou incluso equipo, se fose polo interés do bo desenrolo do torneo e a gravidade da situación o precisase.

## 8 – O SISTEMA DE PUNTUACIÓN:

O sistema de puntuación para o torneo será o seguinte:

- Partido gañado: 3 puntos
- Partido empatado: 1 punto
- Partido perdido: 0 puntos

Nas fases de eliminatoria directa, non se concederán puntos, senón que o equipo perdedor será directamente eliminado do torneo.

## 9 – GRUPOS E ELIMINATORIAS:

A organización, repartirá ós participantes masculinos en 4 grupos de 6/7 equipos e 2 grupos de 4 equipos os femininos. Tras a finalización da primeira ronda e tras a

asignación dos puntos correspondentes a cada equipo, os cruces serán asignados da seguinte maneira:

Clasificación masculina.- pasarán a cuartos de final os 2 mellores equipos de cada grupo, emparellándose nesta eliminatoria o primeiro clasificado dun grupo co segundo doutro grupo diferente. Destas eliminatorias sairán os catro equipos que disputarán as semifinais. Os equipos vencedores das semifinais xogarán a final polo 1º e 2º posto, mentres que os equipos perdedores da eliminatoria disputarán a final de consolación, polo 3º e 4º posto.

Clasificación feminina.- dividiranse os equipos participantes en 2 grupos de 4 equipos cada un, tras o remate da liguilla da primeira ronda, pasarán a semifinais os dous mellores equipos de cada grupo, emparellándose nesta eliminatoria o primeiro clasificado de cada grupo co segundo doutro grupo. Os equipos vencedores das semifinais xogarán a final polo 1º e 2º posto, mentres que os equipos perdedores da eliminatoria disputarán a final de consolación, polo 3º e 4º posto.

En caso de empate a puntos entre 2 equipos na primeira fase, a clasificación farase seguindo por orde os seguintes criterios:

- 1º - Resultado entre ambos equipos
- 2º - Maior diferenza de goles
- 3º - Maior número de goles a favor
- 4º - Mellor clasificado na deportividade

En caso de empate a puntos entre 3 ou mais equipos na primeira fase, a clasificación farase seguindo por orde os seguintes criterios:

- 1º - Maior diferenza de goles
- 2º - Maior número de goles a favor
- 3º - Mellor clasificado na deportividade
- 4º - Maior número de vitorias conseguidas

## 10 – RECLAMACIÓNS E REGULAMENTO INTERNO:

A reclamación e revisión de fichas poderase facer efectiva ben antes do comezo dun encontro ou no tempo de descanso entre cada unha das partes.

No caso de alineación ou irregularidade na alineación presentada por un equipo, a organización dará o encontro por suspendido e o equipo infractor quedará penalizado co resultado adverso de 3 – 0. Esta sanción conlevará a asignación de 50 puntos para o trofeo a deportividade, e a perda de 5 puntos na clasificación da liguilla de primeira ronda e a eliminación se esta circunstancia se producise en partido de eliminatoria directa.

A interpretación do regulamento, fora dos ámbitos nos que o arbitro do encontro teña a súa potestade, será potestade da organización, así coma a inclusión ou exclusión dunha norma se o momento o precisase, sen a obriga de ser comunicada con anterioridade a calquera equipo.

A organización non se responsabiliza das lesións acaecidas no transcurso do torneo, tendo cada un dos participantes que facerse cargo co seu seguro particular.